



Secretaría (cpc)

Expte.: 1924/2023

Código SIA: 1566560

Serie documental: S0008 – Expediente de constitución do Concello

Trámite: Resolución da Alcaldía de delegacións conferidas, nomeamento instrutores e outras responsabilidades

RESOLUCIÓN

Sendo intención desta Alcaldía garantir un funcionamento áxil do día a día desta entidade, mellorando a capacidade de resposta e a satisfacción das necesidades dos nosos veciños/as, pola presente, en virtude das facultades conferidas polos arts 21 e 23 da Lei 7/1985; 61da Lei galega 5/1997 e 41 e 43 do RD 2568/1986 e de conformidade co réxime previsto nos arts 114 e seguintes do RD 2568/1986, **RESOLVO:**

Primeiro: Efectuar unha delegación das competencias que corresponden a esta Alcaldía segundo a lexislación sobre réxime local e sectorial aplicable que non se atopen dentro das igualmente delegadas á Xunta de Goberno Local con esta mesma data, nas seguintes materias ou servizos e concelleiros/as:

- Urbanismo e Turismo, Rocío Cochón Castro.
- Deportes, Persoal e Patrimonio, Cándido Muíños Balea
- Seguridade Cidadá e Promoción Económica, María José González López.
- Medio Ambiente, Manuel Domínguez Álvarez.
- Obras, Servizos e Parques e Xardíns, Marcial García Freijeiro.
- Benestar Social e Igualdade, M.^a Natividad Torres Balea.
- Saúde, Mocidade, Transparencia, Novas Tecnoloxías e Espazos Cidadáns, Tamara González Ouviaña.
- Cultura e Educación, Natalia Sabarís Castro.
- Festexos e Eventos, Francisco Javier Da Silva Iglesias.

Segundo.- As delegacións xenéricas e especiais conferidas axustaranse por materias á definición que das competencias e servizos locais efectúe en cada momento a lexislación sobre réxime local e sectorial aplicable e comprenden as seguintes facultades para as materias ou servizos asignadas a cada un/ha deles/as:

- O exercicio das facultades xenéricas de dirección e xestión así como a de ditar actos de trámite que afecten a terceiros como consecuencia da tramitación da fase de instrución de procedementos sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.

- A instrución e proposta de resolución ou acordo de expedientes sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.

- A sinatura dos documentos vinculados á tramitación da fase de instrución de expedientes sancionadores e de reposición da legalidade urbanística, e propostas de resolución ou acordo dos expedientes que se tramiten en cada unha das áreas obxecto de delegación.

- Con respecto aos expedientes sancionadores en materia de Urbanismo/Patrimonio (obras, licenzas, declaracións responsables, etc.) nomear como instrutora dos mesmos á Concelleira de Urbanismo Rocío Cochón Castro.

- Con respecto aos expedientes sancionadores en materia de tráfico, nomear como

Concello de Poio

Praza do Mosteiro, Nº1, Poio. 36995 (Pontevedra). Tfno. 986770001. Fax: 986771277





instrutora dos mesmos á Concelleira de Seguridade Cidadá, María José González López.

-Con respecto aos expedientes de reclamacións patrimoniais, o instrutor dos mesmos será o propio Alcalde, Ángel Moldes Martínez.

- Nomear como responsable do buzón municipal onde entran queixas, suxestións, reclamacións... á Concelleira Tamara González Ouviaña. Nomear igualmente á devandita concelleira como responsable na plataforma de xestión documental “Gestiona”, unidade “Denuncias” sempre que teñan que ver e estean relacionadas con queixas, suxestións e reclamacións de Participación Veciñal.

- Con respecto á liña verde de acceso a través da páxina web do Concello, serán responsables, segundo a materia, o Encargado Xeral Jesus Solla Chan, o Departamento de Medio Ambiente e a Policía Local.

Terceiro.- O Alcalde conserva as seguintes facultades en relación coa competencia delegada:

- Recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións emanados a consecuencia da delegación.

- Ser informada previamente da adopción de decisións de transcendencia.

- A posibilidade de avogar, en calquera momento e de conformidade coa lexislación vixente, da competencia delegada.

Cuarto: Desta resolución darase conta na primeira sesión do Pleno que se realice, notificarase ás persoas nomeadas e procederase á súa publicación no BOP, sen prexuízo do seu carácter executivo desde o día seguinte ao do presente decreto. Lémbrese aos Srs/as Concelleiros/as delegados/as que a delegación deberá ser aceptada por estes e transcorridos 3 días hábiles desde o seguinte ao da súa notificación e entenderanse tacitamente aceptadas se non manifestaran o contrario de xeito expreso diante desta Alcaldía.

Poio, na data que figura na sinatura dixital á marxe

O alcalde
Ángel Moldes Martínez

Para os efectos de fe pública
A secretaria acctal.
Consuelo de la Peña Costoya

